

**“PARECE QUE SE NON SABES INGLÉS NON VAS A NINGÚN LAO”: IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS NA
MOCIDADE GALEGA**

ESTELA FIDALGO GARRA / MIGUEL GUI SANTES ALONSO

Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela

No mundo global actual, as sociedades viven nunha situación permanente de contacto. As linguas minorizadas sofren de forma máis acusada os seus efectos e a súa posición de desequilibrio fronte ás grandes linguas hexemónicas especialmente nos últimos anos (de Arnoux & Del Valle 2010). Exemplo disto é o caso do idioma galego, onde historicamente o contacto se reducía ao español, mais hoxe presenta múltiples focos de innovación a través dunha sociedade multilingüe, multicultural e moito máis permeable ás novidades (Real Academia Galega 2018).

Foron numerosos os traballos anteriores que estiveron centrados nas ideoloxías lingüísticas que subxacen do contacto das linguas minoritarias do Estado co español (Prego & Zas 2015; Carbonell Castañer 2018). Con todo, consideramos que a fase de *capitalismo tardío* (Pujolar 2020), na que se encontra o sistema económico xeral vixente, fai que sexa necesario poñer o foco na análise da situación destas linguas fronte á lingua hexemónica do terceiro milenio: o inglés.

Así, esta comunicación pretende expoñer a comparación entre as ideoloxías lingüísticas con respecto á situación de linguas en contacto na Galiza actual dun grupo de falantes habituais de español fronte a outro de galego, entendéndoos como representativos da posición da lingua hexemónica e da subalterna. Máis concretamente, tentaremos achegarnos ao discurso que a mocidade (co)constrúe con respecto á hexemonía da lingua inglesa fronte á propia e ao concepto de multilingüismo.

Para isto, partiremos de datos sobre as prácticas comunicativas da mocidade galega a través de conversas de 20 minutos a partir dunha proposta temática dada: “Que vos parece que teñamos que saber inglés para case todo?”. Neste caso, contamos cun universo composto por 2 grupos, o grupo representativo de galego (4 participantes) e o de español (3 participantes). Con respecto ás variables sociais, en ambos os dous casos, as persoas que participaron tiñan idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos, coñecíanse entre si e eran universitarias. Desta maneira, analizaremos as intervencións dentro do marco teórico da terceira vaga da sociolingüística (Blommaert 2010; Eckert 2012) e a análise do discurso tomando como base traballos anteriores como os de Rodríguez-Ordóñez (2019), Regueira Fernández (2020) ou Barnes (2023).

SIMPOSIO ILG 2023
CONTACTO DE LINGUAS: IDENTIDADES E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS
28-30 de novembro
Salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC

Por último, neste traballo agardamos achar diferenzas aparentes no discurso de ambos os dous grupos a causa da distinta posición social que a súa lingua ocupa. Porén, é esperable que a totalidade das persoas participantes asuma a visión da arraigada asociación lingua-Estado, que a fin de contas se reduciría a diferentes representacións da ideoloxía monoglósica.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barnes, Sonia. 2023. Awareness and salience in language contact: the case of Asturian Spanish. *Lletres Asturianas*, 128, 75-96.
- Blommaert, Jan. 2010. *The Sociolinguistics of Globalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Carbonell Castañer, Javier. 2018. Las ideologías lingüísticas en Valencia y su área metropolitana. *Estudios interlingüísticos*, 6, 42-62.
- de Arnoux, Elvira Narvaja & José del Valle. 2010. Las representaciones ideológicas del lenguaje: discurso glotopolítico y panhispanismo. *Spanish in context*, 7(1), 1-24.
- Eckert, Penelope. 2012. Three waves of variation study: The emergence of meaning in the study of sociolinguistic variation. *Annual review of Anthropology*, 41, 87-100.
- Prego, Gabriela & Luz Zas. 2015. Identidades en los márgenes de la superdiversidad: Prácticas comunicativas y escalas sociolingüísticas en los nuevos espacios educativos multilingües en Galicia. *Discurso & Sociedad*, 1, 2, 165-196.
- Pujolar, Joan. 2020. La mercantilización de las lenguas. En Luisa Martín Rojo & Joan Pujolar (coords.), *Claves para entender el multilingüismo contemporáneo*. Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza.
- Real Academia Galega (ed.). 2018. *Lingua e sociedade en Galicia: resumo de resultados 1992 – 2016*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Regueira Fernández, Xosé Luís. 2020. Contacto, estándar e ideoloxías: A lingua galega na esfera pública. En Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lúcia Coimbra & Alberto Gómez Bautista (eds.), *Línguas minoritarias e variación lingüística*. 27-51. Aveiro: Universidade de Aveiro.
- Rodríguez-Ordóñez, Inés. 2019. The role of linguistic ideologies in language contact situations. *Language and Linguistics Compass*, 13(10), 1-26.